



21
mulleres
galegas,
21
historias
cotiás

INICIATIVAS 21
FUNDACIÓN

Edita:

Fundación Iniciativas 21

Romero Donallo, 1 - 1ºB

Santiago de Compostela

Imprime: Imagraf

Dep. Legal: C-471-2006

Santiago de Compostela,

Marzo de 2006

Fotografía: Keta Vieitez



21 MULLERES GALEGAS, 21 HISTORIAS COTIÁS

Un ano máis a Fundación Iniciativas 21 reconece a 21 mulleres pola súa traxectoria profesional e vital. A maioría delas non son mulleres coñecidas, non saen nos medios de comunicación, nin teñen postos executivos en grandes empresas ou na política.


Son mulleres que representan a historia de miles de galegas que, dende os seus respectivos ámbitos, se esforzan cada día por mellorar a súa vida e contribuír así a unha sociedade de máis desenvolta. E son mulleres excepcionais, como tamén o é a cotidianeidade das mulleres deste país.

Cada historia é diferente, tan diferente como son todas as historias que compoñen a diversidade cotiá das mulleres na nosa sociedade. Pero todas elas teñen algo en común, son historias vividas dende o esforzo en dende o ánimo de superación persoal e colectivo. Historias que representan a vida de miles e miles de galegas que cada día reclaman máis espazo para que se escoite a súa voz.

Nunha sociedade onde a busca de prestixio tense convertido na máxima aspiración, estas mulleres destacan polo seu traballo diario e polos valores que alimentan ese traballo. Reconocer o mérito que teñen estas 21 mulleres é importante e necesario.

Aínda a xornada laboral das mulleres dura vinte e catro horas. Aínda son elas as que co seu esforzo palián as deficiencias e carencias dos servizos públicos. Por iso este recoñecemento segue a ter unha compoñente de crítica social e política, pero tamén de esperanza nun novo tempo para todas as galegas e todos os gallegos.

Estas 21 mulleres galegas naceron no noso país ou chegaron doutros lugares e decidiron instalarse aquí. Son avogadas, artistas, empresarias, biólogas, cooperantes, mariscadoras, labregas, asistentes socias, librieras, fundadoras de asociacións civís, nais, fillas, avoas... Todas elas excepcionais e as súas historias reflexo da sociedade na que vivimos.



Nieves Fernández Vidueira

Nieves naceu en Quintela do Pando o 14 de marzo de 1962. Nesta pequena aldea, o lugar más fermo do mundo, en palabras da nosa amiga: criouna a súa avoa.

Os tempos non eran doados, e no ano 1978 esta muller emprendedora decide marchar a Madrid en busca de traballo. Nun principio desenvolve o oficio de empregada do fogar e ós dezanove anos decide casar e rexenta naquel momento un bar co seu marido. Pero as cousas tampouco son sinxelas na capital e deciden regresar a Galicia, concretamente á súa aldea, na que tan feliz se sinte.

Cando chegan, por iniciativa de Nieves, fanse cargo do gando da súa avoa (apenas 18 ovellas), co fin de procurarse un sustento e forma de vida. Pouco a pouco as cousas van indo a mellor, Nieves ten dous fillos e quere darrles todo o que precisan, entre elo xoguetes; mais iso non é un problema para ela, e comeza unha afección que hoxe é todo un arte, a talla de madeira.

Co paso do tempo e moiísimo esforzo, o pequeno gando de Nieves chega a ser unha explotación ovina de trescentas cincuenta cabezas, coidado do cal se ocupan persoalmente Nieves, o seu marido e fillo pequeño.

Controlan todo o proceso produtivo, dende a semente do alimento para as ovellas, ata a contabilidade que esta muller leva persoalmente. Ademáis leva á práctica a introdución de novas tecnoloxías na explotación, logo de formarse a través de varios cursos.

Nieves é un exemplo de traballo e superación continuos pois é nai, empresaria, persoa comprometida cos movementos asociativos (está afiliada a un sindicato agrario, é secretaria da asociación de gandeiros “Terras do Bibei”); pero por riba de todo isto é tamén unha artista. Só é preciso entrar na casa-museo onde garda as máis de seiscentas pezas de madeira tallada; entre as que se encontran xoguetes, máscaras de entroido, un xedrez, e até algúns santo; ou ler o libro de contos que escribiu no 1993, co patrocinio do concello.

En definitiva, unha muller que aproveita todos e cada un dos segundos da súa vida. A pesar delo nas súas palabras e nos seus actos segue existindo a ilusión e o amor polo traballo e, sobre todo, pola terra que a viu nacer: a súa querida Quintela do Pando.